5000006.- CAMIÓN. - Marca Ebro. Modelo 4125/2. Motor Perkins 6 cilindros. Pot. 120 CV (Din). 29 CV fiscais. Caixa 5 velocidades. Neumático 900x20. Dirección asistida integral. Tacógrafo. Cabina de aceiro estampada aidantada e abatible. PMA 12.500 kg. Con grúa. Foi adquirido en 1988 a Comercial Móvil, de Santiago, co fin principal de recolla de lixo. A Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas aportou o 50% do seu custo.

5000013.- TRACTOR-ROZADORA.- Tractor. Marca Fiatagri. Modelo 8066 DT. Nº de bastidor 824437. Matrícula C-87697-VE. Foi adquirido á Mancomunidade de Concellos do Tambre como consecuencia do reparto da maquinaria empregada para limpeza de gavias.

5000029.- CAMIÓN RENAULT 210 cv turbo, con matrícula LU1518I, adquirido á empresa Construcciones Pico Yañez S. L., con destino aos servizos das cuadrillas municipais de obras. Ano de adquisición 2008.

Segundo o informe técnico sinalado resulta que esta maquinaria leva tempo sen ser utilizada, dado o seu mal estado e deterioro, polo que se atopa almacenada ocupando espazo nas naves e recintos do Concello, e considérase axeitado dala de baixa, tendo en conta a valoración realizada para os efectos da súa venda.

Considerando que o ben sinalado se atopa inscrito no Inventario Municipal e o artigo 7 do Regulamento de bens das entidades locais sinala que se clasificarán como bens patrimoniais as parcelas sobrantes e os efectos non utilizables e que se considerarán efectos non utilizables todos aqueles bens que polo seu deterioro, depreciación ou deficiente estado de conservación resultaren inaplicables aos servizos municipais ou ao normal aproveitamento, atendida a súa natureza e destino, aínda que os mesmos non foran sido dados de baixa no inventario.

Resultando que estes bens non prestan ningún servizo por estaren inservibles, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Declarar os bens sinalados como efectos non utilizables posto que polo seu deterioro, depreciación ou deficiente estado de conservación resultan inaplicables aos servizos municipais e dalos de baixa no Inventario Municipal de Bens do Concello que xurdirá efectos coa rectificación anual do Inventario Municipal de Bens a data 31.12.2022.

2º) Que se tramite expediente para a súa venda.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

6º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO A 31.12.2021.

Dada conta da proposta da alcaldía do 27.10.2022, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 20.12.2022, que transcrita di:

En cumprimento do disposto no artigo 86 do RDL 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e realizados os traballos de rectificacións oportunas no inventario de bens e dereitos desta entidade.

Emitido informe por secretaría sobre lexislación aplicable e procedemento a seguir, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar a rectificación do inventario municipal de bens e dereitos pertencentes a este Concello, referidos ao período comprendido entre o 31 de decembro de 2020 e o 31 de decembro de 2021, nos seguintes termos:

ALTAS

1. INMOBLES:

1100039.- TERREOS NO BALNEARIO DO TREMO. Nos terreos descritos neste epígrafe hai instalado un parque infantil e no ano 2021 fixéronse as seguintes melloras.

.- Instalación dun asento plano de cor vermella: 82,28 €.

.- Colocación de contrachapado na saída do tobogán: 346,06 €.

VALOR.....428,34 €.

1100040.- TERREOS NA URBANIZACIÓN VILLA CARACAS. Nos terreos descritos neste epígrafe hai instalado un parque infantil e no ano 2021 fíxose a seguinte mellora.

.- Instalación dun asento plano de cor vermella: 82,28 €.

VALOR.....82,28 €.

1100043.- PARCELAS NA URBANIZACIÓN AGRO NOVO. Nas parcelas descritas neste epígrafe hai instalado un parque infantil e no ano 2021 fíxose a seguinte mellora:

.- Colocación dunha barra protectora de saída do tobogán: 106,48 €

VALOR.....106,48 €.

1100068.- PARCELAS NO LUGAR DE LAMIÑO. Nas parcelas descritas neste epígrafe hai instalado un parque infantil e no ano 2021 fíxose a seguinte mellora:

.- Instalación dun anclaxe para o tobogán: 50,82 €

VALOR.....50,82 €.

1100082.- O concello adquiriu mediante compra a finca número 790 da zona de Concentración Parcelaria de San Félix de Brión, situada na Rúa Gondar, parroquia de Brión, cunha superficie de 5.197 m², polo prezo de 164.010,00 €. A finca foi adquirida aos irmáns Dona María Dolores, Don Benedicto, Dona Consuelo Minia e Don Jesús Rey García. Formalizada a compravenda mediante escritura pública núm. 662, do 07.03.2021, polo notario Francisco López Moledo. A finca foi comprada para auditorio municipal.

Lindes:

Norte: zona excluída, Eusebio Rojo García (179) e María-Josefa Villar Rojo (789).

Sur: ca estrada de Pedrouzos a Brans de Abaixo.

Leste: coa última parcela segregada dos cónxuxes Campio Ignacio Rivas Herves e Engracia Gontán López

Oeste: con zona excluída.

Referencia catastral: 6663917NH2466N0001RQ.

VALOR..... 164.010,00 €.

1221001.- BIBLIOTECA MUNICIPAL.- No ano 2021 a empresa Thyssenkrupp Elevadores SLU, instalou un salvaescaleiras no exterior do edificio, por importe de 16.030,05 €.
VALOR..... 16.030,05 €.

1221005 EDIFICIO DE PROTECCIÓN CIVIL.-No ano 2021 ampliouse o edificio descrito neste epígrafe. As obras consistiron na construción dunha nova edificación destinada a garaxe e almacén de 80,16 m² e na construción dun muro de contención
As obras foron adxudicadas á empresa Construcións Igrexas Mera S.L., por resolución da alcaldía do 22.10.2021 e por importe de 48.386,64 €.
VALOR..... 48.386,64 €.

1222010.- ORDENACIÓN DO ENTORNO DA CARBALLEIRA DE SANTA MINIA. Na Carballeira de Santa Minia, detrás do edificio destinado a Biblioteca Municipal, hai instalado un parque infantil e no ano 2021 fíxose a seguinte mellora:
.- Colocación dun pasamáns na escaleira de acceso ao parque: 294,03 €
VALOR.....294,03 €.

1222002.- ESCOLA DE PÁRVULOS E LOCAL SOCIAL DE SABAXÁNS. Nos terreos descritos neste epígrafe hai instalado un parque infantil e no ano 2021 fixéronse as seguintes melloras:
.- Instalouse o xogo SLIDE: 2.998,38 €
.- Instalouse o xogo FRAME: 865,15 €
.- Instalación dun asento plano de cor vermella: 82,28 €.
VALOR.....3.945,81 €.

1224005.- PISTA POLIDEPORTIVA DE LUAÑA. Nesta pista polideportiva había instalado un parque infantil e no ano 2021 colocouse o seguinte xogo:
.- Hide and slide troll village: 5.494,61 €
VALOR.....5.494,61 €.

1224007.- PISTA POLIDEPORTIVA IGREXA DE BASTAVALES. Nesta pista hai instalado un parque infantil e no ano 2021 fíxose a seguinte mellora:
.- Instalación dun asento plano de cor vermella: 82,28 €.
VALOR.....82,28 €.

1224008.- PARQUE INFANTIL DE GUITIANDE. No parque infantil descrito neste epígrafe, fíxose a seguinte mellora no ano 2021:
.- Colocación de contrachapado na saída do tobogán: 346,06 €.
VALOR.....346,06 €.

1224009.- PARQUE INFANTIL DO OUTEIRO.- No parque infantil descrito neste epígrafe, colocáronse os seguintes xogos no ano 2021:
.- Xogo moose: 934,12 €
.- Xogo slide: 2.998,38 €
.- Xogo swing frame for 2 low: 937,75 €
.- Instalación dun asento plano de cor vermella: 82,28 €.
.- Xogo seesaw: 965,58 €
VALOR.....5.918,11 €.

No ano 2021 realizáronse obras de mantemento e mellora das redes de abastecemento e saneamento en distintas aldeas incluídas no: Proxecto de mellora das redes de abastecemento e saneamento do Concello de Brión. As obras consistiron na ampliación da rede de saneamento,

instalando novos tramos de canalización e no reforzo da rede de abastecemento, nos seguintes lugares:

12231202 SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DE AUGAS A CHAVE DE PONTE

12231205 SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DE AUGAS A BEMIL

12231214 SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DE AUGAS A BASTAVALIÑOS

12231301 SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DE AUGAS A SAN SALVADOR E SOUTULLOS.

12231111 SANEAMENTO EN CANTELAR, LAGO E CABANAS

12231112 SANEAMENTO EN GOSENDE, SAIME E SOUTO

As obras realizadas por administración polo propio concello, foron subvencionadas pola Deputación Provincial da Coruña ao abeiro do POS+Adicional 2/2020, por importe de 141.798,26 €. As obras foron recibidas o 04.12.2021.

VALOR..... 141.798,26 €

No ano 2021 realizáronse obras de mantemento e mellora de beirarrúas municipais incluídas no: Proxecto de mantemento e mellora de beirarrúas no Concello de Brión: Lamiño-Liñares. As obras consistiron na construción dun tramo de beirarrúas por unha das marxes da estrada e na reparación e mellora das xa existentes, para conectar os dous núcleos de poboación.

As obras realizadas por administración polo propio concello, foron subvencionadas pola Deputación Provincial da Coruña ao abeiro do POS+2020, por importe de 51.027,45 €. As obras foron recibidas o 15.09.2021.

VALOR..... 51.027,45 €

No ano 2021 realizáronse obras de: Renovación do alumeado público e mellora da eficiencia enerxética en varias zonas urbanas do Concello. As obras consistiron na substitución de 87 luminarias existentes na Avd. de Noia (1412001 O TREMO travesía) e 86 luminarias existentes na Avd. de Santa Minia (1441608 PEDROUZOS), por outras novas mais eficientes. As obras foron subvencionadas nun 80% polo IDAE, no marco do Programa Operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020. Foron adxudicadas á empresa Esqueiro S.L. por resolución da alcaldía do 15.10.2019 e recibidas o 03.02.2021.

O importe da obra ascendía a 181.009,95 € e posteriormente fíxose unha liquidación final do contrato, que consistiu no traslado de varias luminarias para mellorar a accesibilidade da rúa, cuxo importe ascendeu a 18.926,74 €. O importe das melloras executadas polo contratista ofertadas no expediente de contratación ascenden a 31.290,86 euros.

VALOR.....231.227,55 €

No ano 2021 realizáronse obras de mellora do firme dos camiños incluídos no: Proxecto de obra de mellora de camiños municipais: Mourentáns-Pousada. As obras consistiron en mellorar o firme, con perfilado do camiño, apertura de cunetas, aporte de zahorra e posterior rega e compactación mecánica, nos seguintes lugares:

1529401 MOURENTANS - MIRALLOS - ESTRADA GANDARA

1529405 POUSADA - VEXO

As obras foron adxudicadas por resolución da alcaldía o 17.12.2021 á empresa Eulogio Viñal Obras y Construcións S.A., por importe de 48.194,70 €.

VALOR:..... 48.194,70 €

1529304 OMBRE - A IGREXA. No ano 2021 realizáronse obras de mellora do firme dos camiños incluídos no: Proxecto de obra de mellora de camiños municipais: Ombre-Ardións. As obras consistiron en mellorar o firme, con perfilado do camiño, apertura de cunetas, aporte de zahorra e posterior rega e compactación mecánica.

As obras foron adxudicadas por resolución da alcaldía o 01.10.2021 á empresa Construcións Ponciano Nieto S.L., por importe de 47.655,25 € e recibidas o 02.12.2021.

VALOR:..... 47.655,25 €

No ano 2021 realizáronse obras de mellora de diversos camiños municipais incluídas no: Proxecto de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2021-2022 no Concello de Brión. As obras consistiron no mantemento e mellora de camiños de terra basicamente e na mellora dos accesos, mediante o perfilado do camiño, coa apertura de cunetas en ámbalas marxes e aporte de árido (zahorra), con posterior rega e compactación mecánica, nos seguintes lugares:

1522403 SANTO ARANDEL - AGRA DE CHAVE DE CARBALLO

1522303 CHAVE DE CARBALLO - PISTA DE XINZO

1522302 XINZO - A TELLEIRA

As obras foron subvencionadas ao abeiro da Resolución da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) do 28.12.2020, Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2021-2022.

Foron adxudicadas á empresa Eulogio Viñal Obras y Construcións SA, por resolución da alcaldía do 24.06.2021, por importe de 48.005,53 € e recibidas o 23.09.2021.

VALOR.....48.005,53 €

1522101 MONTE DE PÉRROS – REBOREDO.- A ambas marxes da travesía de Bastavaliños construíuse unha senda peonil que discorre pola marxe esquerda, desde Coruxido en dirección á estrada autonómica AC-300, nun tramo de 2.300 metros. Pola marxe dereita executáronse tramos de senda en zonas onde se concentraban vivendas ou servizos.

As obras, incluídas no proxecto: Mellora da seguridade viaria na travesía de Bastavaliños, foron subvencionadas pola Deputación Provincial da Coruña ao abeiro do POS+Adicional 1/2019, e adxudicáronse por resolución da alcaldía do 15.07.2020 á empresa Audeca S.L., por importe de 201.555,88 €.

Posteriormente fíxose unha modificación do proxecto, nos seguintes puntos: nos tramos con terreo de baixa calidade, foi necesario unha maior escavación ata o firme e un maior aporte de material, zahorra, así como substituír parte dos tubos existentes por carecer das dimensións axeitas, atopándose tamén máis tramos dos previstos sen recollida das augas pluviais, por importe de 53.855,63 €. As obras foron recibidas con data 30.05.2021.

VALOR.....255.411,51 €

5. VEHÍCULOS.

5000049.- TRACTOR marca John Deere, modelo 6130 M., subministrado no ano 2021 por Maquinaria Agrícola del Noroeste S.L., por importe de: 151.116,90 €

VALOR.....151.116,90 €

ROZADOIRA DE BRAZO, marca Bomford, modelo Falcon 5.5, subministrada no ano 2021 por Maquinaria Agrícola del Noroeste S.L., para o tractor descrito neste epígrafe, por importe de: 39.898,54 €

VALOR.....39.898,54 €

5000050.- CAMIÓN DE BOMBEIROS, camión de bombeiros, marca Man, modelo 15 284 LC, matrícula M4575ZG, subministrado no ano 2021 por Ricardo Ferrero García, por importe de 18.000,00 €.

VALOR.....18.000,00 €

7. MOBLES:

7010003 NAS OFICINAS XERAIS

| | |
|--|------------|
| 12 sillas apolo carcasa branca tecido dragón negro: 2.613,60 € (217,80 €/unid) | |
| Sillón jet polipel negro: 302,50 € | |
| Silla apolo carcasa branca: 217,80 € | |
| Deshumificador Delonghi DDS-20: 399,00 € | |
| Ordenador de sobremesa Intel Nuc, con disco duro integrado: 741,73 € | |
| Monitor LED AOC: 139,15 € | |
| Monitor Samsung 24 FULLHD: 133,10 € | |
| Silla ergonómica regulable: 227,48 € | |
| Monitor Samsung 24 FULLHD: 185,13 € | |
| Ordenador sobremesa, CPU INTEL, con disco duro integrado: 1.767,15 | |
| Monitor profesional Samsung: 238,37 € | |
| Teclado e rato logitech inalámbrico: 42,35 € | |
| TV Hisense 58 LED, con soporte de rodas: 855,06 € | |
| Kit de videoconferencia Konfel con cámara 4k: 665,50 € | |
| 4 sillóns de confidente modelo apolo, carcasa branca e tecido negro: 832,48 € | |
| VALOR..... | 9.360,40 € |

7.03. NA ESCOLA DE MÚSICA.

| | |
|--|------------|
| Torre de luces de diferentes cores: 1.736,35 € | |
| Amplificador baixo EBS Classic: 229,99 € | |
| Baixo eléctrico Ibanez Mikro: 219,99 € | |
| Monitor Headrush: 325,01 € | |
| 2 xilófonos baixo Honsuy: 919,98 € | |
| 2 xilófonos altos Honsuy: 460,01 € | |
| 2 xilófonos soprano Honsuy: 370,01 € | |
| 1 frame drum tycoon: 95,01 € | |
| 1 Djembe tycoon: 195,01 € | |
| 1 caixón flamenco pepote jaleo: 145,01 € | |
| Silla para batería con respaldo: 232,01 € | |
| Gravadora de son H1N: 157,30 € | |
| Altavoz eurolive B105D: 199,65 € | |
| VALOR..... | 5.285,33 € |

7.04. NA BIBLIOTECA MUNICIPAL.

| | |
|--|------------|
| Auricular con micrófono conceptronic diadema: 990,99 € | |
| Ordenador de sobremesa CPU Intel I9: 1.464,10 € | |
| Disco SSD Western digital: 85,24 € | |
| Webcam conceptronic fullhd: 30,25 € | |
| VALOR..... | 2.570,58 € |

7.05. XULGADO DE PAZ.

| | |
|---|------------|
| Porta de entrada dunha folla, en carpintería de PVC, acabado en cor verde: 2.081,20 € | |
| VALOR..... | 2.081,20 € |

7.07. GARAXE-ALMACÉN.

Soplador mochila STIHL BR-700: 901,45 €
 Taladro atornillador ABS 12: 228,69 €
 Abonadora pendular Vicon: 2.212,49 €
 Cortadora manual Husqvarna K770: 1.300,75 €
 Cazo pala retro: 2.232,45 €
 Martillo pala retro: 12.269,40 €
 Soldador multifunción: 215,00 €
 Cargador arrancador de baterías: 562,65 €
 Motoserra Husqvarna: 470,00 €
 Desbrozadora Husqvarna: 740,00 €
 6 carpas, con estrutura de aluminio e lonas de cor verde, con cerramento lateral de cor verde e tres ventás: 20.872,07 €.

VALOR..... 42.004,95 €

7.08. CASA DA CULTURA.

Silla apolo carcasa branca tecido dragón negro: 217,80 €
 Máquina para facer chapas con cutter circular: 418,66 €
 Altavoz: 34,40 €
 Proxector led e detector: 205,70 €
 3 caldeiros lacados para exposicións: 860,31 €

VALOR..... 1.736,87 €

7100004.- ESCOLA INFANTIL DE AGRO NOVO.

2 tronas modelo Jane pupitre: 398,00 €

VALOR.....398,00 €

7.13. PROTECCIÓN CIVIL.

Medidor láser 30 m: 84,70 €
 Destrutora Fellowes 63 cb: 271,04 €
 Portátil Asus Intel Core: 799,14 €
 Desfibrilador ZOLL AED PLUS completo: 3.199,24 €

VALOR..... 4.354,12 €

7.20. SERVIZOS SOCIAIS

Campana led con cambio de encendidos: 1.997,66 €
 PC de sobremesa Vostro Intel: 720,49 €

VALOR..... 2.718,15 €

7.23. EQUIPAMENTO DO LOCAL PARA COWORKING.

Control de acceso anviz de ext, antivandálico, teclado, impresión dixital e pin: 499,13 €
 Microondas: 108,78 €
 Cafeteira: 39,32 €

VALOR.....647,23 €

TOTAL ALTAS.....1.348.668,03 €

| |
|---------------|
| BAIXAS |
|---------------|

1. INMOBLES:

1221001.- BIBLIOTECA MUNICIPAL. No ano 2007 elimináronse as barreiras arquitectónicas, no acceso á Casa do Concello colocando unha plataforma salvaescaleiras hidráulica de intemperie, de 4,75 metros de lonxitude e para un peso de 150 kg.

A dita obra foi subvencionada pola Deputación Provincial mediante o "Plan Provincial Especial de eliminación de barreiras arquitectónicas 2006" e foi adxudicada á empresa Zardoya Otis SA polo importe de 10.765,00 €.

Total.....10.765,00 €

5. VEHÍCULOS.

5000008.- CAMION BARREIROS.- Mod. 4220 Normal D, basculante, matrícula LU 2349-D. Adquirido en 1996, usado. VALOR.....5.228,81 €

5000023.- TURISMO SEAT MARBELLA.- Matrícula C6440AW, adquirido en 2005 a Talleres Fernández. Usado. VALOR.....180,00 €

Total.....5.408,81 €

7. MOBLES

7010008 POLICÍA LOCAL

.- 3 cargadores unitarios carga rápida para equipo de comunicacións Vertex estándar VX-180: 140,94 €

Total.....140,94 €

7.13. EDIFICIO DE PROTECCIÓN CIVIL

1 impresora HP laserjet 1020: 176,32 €

.- Camilla de rescate para catástrofes, valorada en 130 €

.- 3 mantas de protección para catástrofes, valorada en 42 €

.- Desfibrilador externo-semiautomático, modelo CU-ER-1 Paramedic, con pantalla, batería recargable, bolas de transporte e xogo de parches, valorado en 1.695,00 €.

.- Impresora laser Rico 5200: 242,00 €

.- Kit de 3 bengalas para embarcación: 63,04 €.

Total..... 2.348,36 €

7.01. CASA DO CONCELLO

OFICINA AUXILIAR INTERVENCION-SECRETARIA

1 ordenador E5500 home premium..... 649,00 €

| | |
|--|------------|
| Equipo informático de sobremesa..... | 618,40 € |
| OFICINA DE PERSOAL | |
| Ordenador Intel Pentium IV 2.40 GHz 480 MB de RAM, Monitor TFT 17" Asus..... | 800,00€ |
| Total..... | 2.067,40 € |

7.04.- BIBLIOTECA MUNICIPAL

| | |
|---|------------|
| Ordenador Intel Pentium (r) IV 2.66 GHz 224 MB de RAM, Monitor TFT LG 17"..... | 900,00 € |
| Ordenador Asus Vintage Pentium IV 3.00 GHz 256 MB de RAM, Monitor 17", Escaner HP | 1.306,00 € |
| Ordenador Pentium IV 1.70 GHz 256 MB de RAM, Monitor 21"..... | 1.000,00 € |
| Total..... | 3.206,00 € |

7.08.- CASA DA CULTURA

| | |
|--|-------------|
| Ordenador Inves Intel Pentium Dual CPU E2160, disco duro 2GB, teclado, ratón e pantalla TFT 17"..... | 900,00 € |
| Scaner Canon N67VT..... | 90,00 € |
| Ordenador Asus Barebone AMD Atlon 64, disco duro 448 MB, teclado, ratón, disqueteira , lector de DVD e pantalla TFT 17"..... | 800,00 € |
| 1 PC celeron 430, con 4 GB memoria ram, con lector de tarxetas e regrabadora DVD LG, monitor de 19" hacer..... | 600,00 € |
| Fotocopiadora Konica 423 A3-A4..... | 726,00 € |
| Total..... | 3.116,00 € |
| TOTAL BAIXAS..... | 27.052,51 € |

RESUME DO INVENTARIO DO ANO 2021

| | |
|-------------------------|-----------------|
| Altas no ano 2021 | 1.348.668,03 € |
| Baixas no ano 2021 | 27.052,51 € |
| Inventario a 31.12.2020 | 39.136.402,31 € |
| Inventario a 31.12.2021 | 40.458.017,83 € |

2º) Remitir copia do mesmo á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

7º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓNS DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2022.

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda en cumprimento do art. 16 da Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro,

referente á avaliación da estabilidade e da regra do gasto correspondente ao 3º trimestre de 2022, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno queda enterado.

8º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE MOROSIDADE E DO CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2022.

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda referente á situación de morosidade e do cálculo do período medio de pago correspondente ao 3º trimestre de 2022, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno queda enterado.

9º) MOCIÓNS.

Non se presentou ningunha.

10º) ROGOS E PREGUNTAS.

10.1. Rogos e preguntas formulados por escrito polo grupo municipal do BNG:

1 . SOBRE A FIBRA ÓPTICA E COMUNICACIÓNS NAS PARROQUIAS DO RURAL.

A data de hoxe seguen a ser numerosas as parroquias, sobre todo das zonas máis rurais, que seguen a ter no século XXI comunicacións e conexión a internet e fibra óptica deficitarias e non como podemos ter nas zonas residenciais. O goberno local a través do seu medio de comunicación, Altamira, volveu falar das conexións de fibras ópticas pero o certo é que a veciñanza segue sen ter solucionado ese problema. O peor, que cando se lle esixe ao concello a dilixencia a preocupación que deben ter se lles remite a que fagan as queixas ás propias empresas ou que recollan sinaturas entre os veciños.

Como está este tema xa reiterado en diversos plenos pola nosa parte?

A Sr^a. Concelleira Cebral Gómez sinala que a conexión a internet e telefónica é competencia da Amtega, e que o Concello intenta sempre axudar aos veciños tanto cos operadores como presionando á Xunta; no seu día instouse aos veciños con problemas que enviaran as queixas para intentar comunicalas aos operadores, téñense solucionado moitos problemas pero tristemente tirando de contactos persoais, non porque as empresas o fixeran por propia iniciativa.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que xa sabemos que non é competencia municipal, pero que se debe atender aos veciños que presentaron queixas porque eles non teñen forma de facer presión.

O Sr. Alcalde sinala que o goberno central puxo o ano pasado moitos cartos para chegar ao rural, e Brión está incluído aí, e está publicado a principios de ano; agora mesmo están a poñer a fibra en Ons e en Baliño, e están chegando a todos os sitios pouco a pouco.

2. SOBRE A ILUMINACIÓN NO NADAL.

Vemos estes días como temos un adiamento electoral en forma de iluminación na zona de Santa Minia ou mesmo en urbanizacións que normalmente non formaban parte dese privilexio lumínico. Damos a benvida a esa nova sensibilización. Sen pretender chegar as alturas do seu compañeiro de partido, o señor Abel Caballero, si que pensamos que se deben priorizar, sen quitar méritos á xa instalada, zonas máis comerciais, dentro do pouco comercio que por desgraza nos vai quedando, grazas unhas vez máis ás políticas deste goberno. Así vemos como na zona comercial dos Ánxeles un ano máis sofren o "castigo" por parte das súas decisións. Vaise rectificar esta decisión, vaise facer algunha cousa por parte do concello?

A Sr^a. Concelleira Cebral Gómez sinala que en primeiro lugar dicir que o que priorizamos todos os anos é manter o de anos anteriores e cada ano intentar mellorar o Concello en xeral, así este ano se puxo en urbanizacións que antes non o tiñan, e como punto de referencia fixouse a Carballeira de Santa Minia; por zonas comerciais non sabemos a que se refire, ninguén veu aquí a dicir que quería iluminación diante e algún arco se puxo a posteriori porque reclamaron veciños.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que as queixas son dos veciños da zona dos Ánxeles.

O Sr. Alcalde sinala que os negocios se concentran nesa zona e considero que están iluminados, que podía haber máis?, home si; estamos pensando en mellorar todos os anos a iluminación, Monte Balado e onde están os negocios están iluminados, e o pino que se puxo todos os anos na rotonda este ano mellorouse porque o ano pasado daba pena e así o reclamastes vós neste Pleno; o punto central para fotos e demais é na Carballeira de Santa Minia.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que repito que a pouca zona comercial que temos nos di que non teñen a mesma iluminación que outras zonas.

O Sr. Alcalde sinala que si existen esas queixas nolas fagan chegar para ver que se pode facer.

3. SOBRE OS ORZAMENTOS MUNICIPAIS.

Estamos a finais de ano e imos vendo como concello tras concello vanse levando os orzamentos polos equipos de goberno para valorar e aprobar se procede. En Brión, unha vez máis, seguimos agardando pola chamada do goberno municipal e seguimos agardando por coñecer cando imos ter o "privilexio" de contar cuns orzamentos a tempo que nos permita tomar decisións.

Cando está previsto contar cos orzamentos? Vaise facilitar con tempo os mesmos á oposición para poder revisalos con tempo?

A Sr^a. Concelleira Cebral Gómez sinala que está o primeiro borrador nas mans de intervención, temos que estudalos e se vos dará cando poidamos.

O Sr. Alcalde sinala que o antes posible, e en ton de broma dicir, que ao mellor hai que telos prorrogados ata as eleccións e despois os facedes vós.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que o orzamento ten un compoñente técnico e outro político, o problema non é quen goberna, debemos ter orzamentos para poder traballar.

O Sr. Alcalde sinala que cando os teñamos darémolo o antes posible, e remata dando as grazas polo ton conciliador deste Pleno neste tempo de Nadal.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e corenta minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González